

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
E A FUNDACIÓN ESPAÑOLA DE AYUDA A LA INVESTIGACIÓN EN PÁRKINSON,
PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO MITOCONDRIAS PARA O EXERCICIO
2021.**

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte:

Don Alberto Amil Lago, con DNI 32663277B, presidente do Patronato da Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson (en adiante Fundación), con NIF G56031859, nomeado de acordo co artigo 14 dos seus estatutos, e representante dela de acordo co seu artigo 18, como consta na escritura de constitución, outorgada ante notario co número de protocolo 1125, en Ferrol o 24 de xullo de 2015.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas



ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 216/2020, de 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que a Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson, entidade sen ánimo de lucro de natureza fundacional, está inscrita no rexistro de fundacións de competencia estatal co número 1816, e está baixo o Protectorado Único de Fundacións de competencia estatal do Ministerio de Cultura e Deporte.

V. Que a Fundación Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-7361, tendo como finalidade, segundo o establecido no artigo 7 dos seus estatutos, promover e divulgar a investigación científica no ámbito do Párkinson e outras enfermidades neurodexenerativas no relativo ao diagnóstico, síntomas, tratamento, novas técnicas ou solucións terapéuticas que melloren a calidade de vida das persoas con Parkinson e outras enfermidades neurodexenerativas, ademais de fomentar o intercambio de información entre expertos, pacientes e as súas familias para mellorar a calidade de vida das persoas afectadas. Así leva a cabo proxectos científicos co fin de establecer protocolos para a mellora da calidade de vida das persoas que sofren a enfermidade, entre eles para o transplante mitocondrial, que pode ser utilizado para impedir o inicio e prever a progresión das enfermidades neurodexenerativas que cursan con dano mitocondrial.

O envellecemento na poboación aumentou a prevalencia e incidencia das enfermidades neurodexenerativas que neste momento non teñen cura e implican un elevado custo social, e necesita unha abordaxe multidisciplinar que require a intervención dende o ámbito social.



VI. Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio a todas aquelas persoas diagnosticadas coa enfermidade de Parkinson ou outras enfermidades dexenerativas co fin de potenciar a súa independencia e autonomía.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración coa Fundación para contribuír ao financiamento do proxecto Mitocondrias no exercicio 2021. O proxecto consiste na avaliación en modelos animais da efectividade dos implantes mitocondriais para previr e atrasar a progresión das enfermidades neurodexenerativas. A finalidade do estudo e a mellora na calidade de vida das persoas coa enfermidade de Parkinson ou outras enfermidades neurodexenerativas.

VII. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación é a única entidade que desenvolve un proxecto de investigación que trata de previr e atrasar a progresión das enfermidades neurodexenerativas a través dos implantes mitocondriais.

Así mesmo, as actuacións obxecto do proxecto recollidas na súa cláusula segunda, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Ambas partes, con capacidade xurídica bastante e os representantes con poderes suficientes e axeitados en dereito para obrigar as súas representadas, recoñécense mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia do Proxecto Mitocondrias da Fundación



Española de Ayuda a la Investigación en Párkinson .

O proxecto consiste na avaliación en modelos animais da efectividade dos implantes mitocondriais para previr e atrasar a progresión das enfermidades neurodexenerativas, co fin de mellorar a calidade de vida das persoas coa enfermidade de Parkinson ou outras enfermidades neurodexenerativas.

SEGUNDA.- Actuacións subvencionables

O proxecto comprenderá a avaliación en modelos animais da efectividade dos implantes mitocondriais para previr e atrasar a progresión das enfermidades neurodexenerativas, coas seguintes actuacións:

- a) Estudo do intercambio intercelular natural de mitocondrias, tanto de neuronas a astrocitos como de astrocitos a neuronas (transferencia mitocondrial).
- b) Desenvolvemento de procedementos eficientes para illar mitocondrias e avaliar con celeridade a súa actividade funcional.
- c) Desenvolvemento de procedementos para mellorar as características funcionais das mitocondrias illadas, promovendo a súa baixa inmunoxenicidade e a súa eficiencia para xerar enerxía útil para os procesos de vida, sen incrementar a xeración de tóxicos mitocondriais.
- d) Desenvolvemento de procedementos para facilitar a transferencia terapéutica das mitocondrias illadas ás neuronas en proceso dexenerativo.
- e) Avaliación en modelos animais a efectividade dos implantes mitocondriais para previr o inicio e atrasar a progresión da enfermidade de Parkinson.
- f) Planificación dun ensaio de transplantes mitocondriais para doentes de Parkinson.

TERCEIRA.- Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que, no marco do proxecto a subvencionar a través deste convenio, ten previsto desenvolver a Fundación é de 66.079,59 euros.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social achegará sesenta mil euros (60.000,00€) que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da



Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, aprobados pola Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

CUARTA.- Obrigas da entidade

1. A Fundación deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras establecidas no presente instrumento de concesión.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á Consellería de Política Social a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do proxecto a subvencionar a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen “subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social” co seu respectivo logotipo.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA.- Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, no suposto de oposición expresa á comprobación pola Administración, tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver no proxecto, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscria polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA.- Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA.- Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 20% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 80% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do proxecto subvencionadas polo convenio e aportando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que acreditar as obrigas indicadas de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA.- Gastos subvencionables

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2021**.



En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do proxecto, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada e derivado das contratacións de servizos precisas para a debida execución no marco do disposto no proxecto a subvencionar polo presente convenio, de acordo co disposto na memoria económica.

NOVENA.- Xustificación

1. Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados, que achegue a entidade beneficiaria. Este pagamento debe referirse a gasto de accións realizadas obxecto da concesión da subvención. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados especificando o pago das actuacións que correspondan ao proxecto a subvencionar, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

2. A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do proxecto obxecto da concesión da subvención a través do convenio e en todo caso con data límite 10 de decembro do 2021, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución deste proxecto, e cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro deste convenio.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No



caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Nas facturas terán que facer referencia á imputación a este convenio.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, se é o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no 1º parágrafo. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

4º. Os 3 orzamentos que deba ter solicitado o beneficiario, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 € pola prestación de servizos.

5º. Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o informe da revisión efectuada pola referida persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

1º. Adecuación da natureza do gasto xustificativo, tanto en relación ás actuacións subvencionadas a través do convenio que se relacionan na cláusula décimo segunda como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables.

2º. Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos



correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Fundación deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando “Subvencionado pola Consellería de Política Social” e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

3º. Verificación do cumprimento do disposto na cláusula décimo en relación coas actividades subcontractadas, no seu caso.

4º. Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula.

5º. Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.

6º. Verificación do importe global percibido pola entidade beneficiaria como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do proxecto a subvencionar a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A Fundación estará obrigada a pór a disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservarlos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

3. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Excepcionase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas de decembro, TC's da Seguridade Social de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2021, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2022.

DÉCIMA.- Incumprimentos, reintegros e sancións



Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro .

DÉCIMO PRIMEIRA.- Inexistencia de relación laboral

A Fundación queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto do proxecto a subvencionar a través del, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

DÉCIMO SEGUNDA.- Subcontratación

A Fundación é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á



administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades, ata unha porcentaxe do 90,18 por cento do importe total das actuacións financiadas a través do mesmo para a debida execución das actividades programadas, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actividades programadas .

A Fundación, no seu caso, comunicarlle a subcontratación á Dirección Xeral de Maires e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DECIMO TERCEIRA.- Comisión de seguimento e control

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio.

A dita comisión estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social, designados pola Dirección Xeral de Maires e Persoas con Discapacidade, e dous representantes da Fundación, designados pola persoa que ocupe a presidencia, así como os seus suplentes. A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada polo director xeral de Maires e Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Maires e Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO CUARTA.- Vixencia



O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

Non obstante, as accións englobadas no proxecto a subvencionar a través do presente convenio que realizase a Fundación dende o 1 de xaneiro de 2021 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

DÉCIMO QUINTA.- Obrigas da publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración ó Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO SEXTA.- Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas



previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

DÉCIMO SÉTIMA.- Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerese polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.



A Administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar expresado e na data da sinatura dixital

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL

O REPRESENTANTE DA
FUNDACIÓN ESPAÑOLA DE
AYUDA A LA INVESTIGACIÓN DEL
PARKINSON

Fabiola García Martínez

Alberto Amil Lago

